

## SEGURO DE CAUCIÓN PARA APRAZAMENTO OU FRACCIONAMENTO

### SERVIZO DE RECADACIÓN

Expediente (débedas en período voluntario)	Expediente (débedas en período executivo)	
Importe garantido (débedas en período voluntario)	Importe garantido (débedas en período executivo)	
Apelidos e nome ou razón social do debedor tomador do seguro		NIF
Razón social da entidade aseguradora		NIF
Apelidos e nome do apoderado		NIF
Domicilio social		Código postal
Municipio	Provincia	

A entidade aseguradora, representada polo apoderado que se identifica, **asegura** ante a Deputación Provincial da Coruña ao debedor tomador do seguro tamén identificado, en garantía do cumprimento das obrigas que resulten da concesión da solicitude de aprazamento ou fraccionamento das débedas cuxas identificación se relacionan no reverso deste documento.

El presente contrato de segu estará en vigor ata que a Deputación Provincial da Coruña autorice expresamente a súa cancelación ou devolución, e garante o pago dos importes indicados, calculados do seguinte xeito:

1. Da débeda en período voluntario: o principal e os xuros de mora que xere o aprazamento ou fraccionamento, máis o 25% da suma de ambas partidas.
2. Da débeda en período executivo: o principal, as recargas do período executivo e os xuros de mora que xere o aprazamento ou fraccionamento, máis o 5% da suma de ambas partidas.

A falta de pago da prima, sexa única, primeira ou seguintes, non dará dereito á aseguradora a resolver o contrato, nin este quedará extinguido, nin a cobertura da aseguradora suspendida, nin a aseguradora liberada da súa obriga, no caso de que esta deba facer efectiva a garantía.

A aseguradora non poderá opoñer ante a Deputación Provincial da Coruña as excepcións que poidan corresponderlle contra o tomador do seguro, e responderá integramente polos importes garantidos, con independencia de que, por calquera causa, as débedas aseguradas queden vinculadas ao convenio que puidera celebrarse no caso de concurso do tomador do seguro.

A aseguradora, que renuncia expresamente a calquera beneficio, e especificamente aos de orde, división e excusión de bens do tomador do seguro, comprométese a facer efectiva a garantía, cando sexa requirida para facelo, no prazo establecido no artigo 62.5 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria. De non facelo así, seguirase contra os seus bens o procedemento administrativo de prema.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_

Sinatura do apoderado e selo da entidade aseguradora

**IMPORTANTE: DEBERÁ ACOMPAÑARSE O DOCUMENTO QUE ACREDITE O APODERAMENTO.**

